



**Federación  
Galega de  
Atletismo**



## **CIRCULAR**

Praza Agustín Díaz, s/n - 15008 - A Coruña.  
T. +34 981 291 683 - federacion@atletismo.gal  
atletismo.gal - carreirasgalegas.com

C.I.F. G15103500



**DEPORTE  
GALEGO**

### **CIRCULAR 09 – 2025**

## **IX CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE LANZAMENTOS LONGOS MÁSTER**

**Art.1).- A Federación Galega de Atletismo organiza o Campionato Xunta de Galicia de Lanzamentos Longos Máster, a celebrar o 25 de xaneiro na Cidade Deportiva de Vista Alegre (Ordes - A Coruña).**

**Art.2).- Poderán participar atletas da categoría Máster con licenza na presente tempada pola FGA.**

- Poderán participar, en cada especialidade, os/as 16 atletas inscritos/as con mellor marca durante as tempadas 2024 e 2025, independentemente da categoría e peso do artefacto.

**Art.3).- As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina <https://atletismorfea.es/user/login-registro> ata as 20:00 horas do luns 20 de xaneiro.**

**Art.4).- A presentación de artefactos persoais para a súa homologación pechará 1h antes do comezo da súa proba, agás na proba de xavelina, para a que pechará 1h20' antes do seu inicio.**

**Art.5).- Cámara de chamadas**

- Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto antes do peche da mesma. De non ser así, non poderá participar salvo causa xustificada e aceptada polo xuíz árbitro da competición.
- Os atletas deberán saír á zona de competición coa camiseta e o dorsal posto.

**Art.6).- Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.**

- Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.

**Art.7).- Pasarán á mellora as 8 mellores marcas, independentemente da súa categoría.**



**Art.8).- Horario** (poderá ser modificado en función das inscricións)

APERTURA CÁMARA CHAMADAS	PECHE CÁMARA CHAMADAS	SAÍDA A PISTA	HORA DA PROBA	PROBA	ENTREGA DE PREMIOS
9:35	9:40	9:45	<b>10:15</b>	<b>Disco feminino</b>	12:00
9:50	9:55	10:00	<b>10:30</b>	<b>Xavelina masculina</b>	12:15
11:20	11:25	11:30	<b>12:00</b>	<b>Disco masculino</b>	13:30
11:35	11:40	11:45	<b>12:15</b>	<b>Xavelina feminina</b>	13:45
14:20	14:25	14:30	<b>15:00</b>	<b>Martelo feminino</b>	16:45
15:50	15:55	16:00	<b>16:30</b>	<b>Martelo masculino</b>	18:00

**Art.9).- Un atleta pode ser excluído de participar en tódalas probas posteriores da competición, no seguinte caso:**

- Estando admitido para unha proba e, non comunicada a súa baixa antes das 48 horas previas ó inicio do campionato, non tome parte da mesma.

**Art.10).- Os/as tres primeiros/as atletas clasificados/as de cada categoría recibirán unha medalla conmemorativa do campionato, sendo de obrigado cumprimento acudir ao podio. No caso contrario, non se fará entrega da medalla.**

**Art.11).- A responsabilidade das inscricións dos atletas, salvo que sexan independentes, corresponderá ao seu club. Aplicaranse as seguintes penalizacións:**

- As solicitudes de inscrición fora de prazo deberán ser enviadas a [direcciontecnica@atletismo.gal](mailto:direcciontecnica@atletismo.gal) para a súa valoración. No caso de ser admitidas, levarán asociadas unha recarga de 10€ por atleta.
- Calquera baixa nas 48 horas previas ao inicio da competición ou a non participación final, levará asociada o cobro da cota de inscrición xunto cunha sanción de 5€ por proba, salvo causa xustificada e acreditada por escrito á FGA a través do correo [competicion@atletismo.gal](mailto:competicion@atletismo.gal) antes de superadas as 48 horas dende o inicio da competición.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á FGA: 6 € por atleta con datos falsos.

**Art.12.- Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.**

**A Coruña, a 08 de xaneiro de 2025**

**Yolanda González Fernández**  
Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo